

**BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO ACENDENDO O
NADAL 2019/2020
Concello de Muros**

1.- Finalidade e obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases, a concesión de premios, para o fomento de actividades de animación cultural e promoción económica, baixo a denominación Concurso Acendendo o Nadal 2019/2020, consistente na iluminación ambiental de establecementos comerciais, vivendas particulares e rúas ou espazos públicos do Concello de Muros

2.- Participantes.

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas maiores de 18 anos, **propietarias ou inquilinas** dunha **vivenda ou establecemento**, que estea situado no Concello de Muros.

Tamén poderán participar asociacións, clubs e colectivos de calquera índole radicados no Concello de Muros.

Ademais a participación poderá ser individual ou colectiva, de xeito que se permite a participación conxunta de varias persoas, establecementos ou asociación cun espazo determinado.

3.- Inscripcións.

Para formar parte do concurso, as persoas participantes deberán entregar no Rexistro Xeral do Concello de Muros, o boletín de inscrición debidamente cuberto e asinado que figura no ANEXO I, boletín que tamén se pode obter a través da páxina web www.muros.gal ou directamente nas dependencias do Concello de Muros, en horario de 09:00 a 14:00h e que poderán entregar directamente nas oficinas ou a través dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

A data límite para inscribirse será de 10 días hábiles dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

No suposto de haber máis de unha solicitude de participación para un mesmo espazo ou edificio público terá prioridade a que primeiro fora presentada.

4.- Obrigas dos participantes e beneficiarios.

Os participantes deberán declarar que cumpren coas obrigas establecidas no artigo 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Presentado a declaración que figura como anexo III.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non sexan debedores á facenda municipal. Para poder comprobarse de oficio deberán presentar o anexo II, noutro caso deberá aportarse polo beneficiario.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios de acordo co disposto na Lei Xeral de Subvencións e de máis normativa aplicable.

Os adornos deberán estar colocados e á vista dende o día venres 6 de decembro de 2019 ata o día domingo 5 de xaneiro de 2019 (ambos incluídos)

5.- Categorías.

Concederanse premios nas seguintes categorías:

- Escaparates de establecementos
- Exterior de establecementos
- Exterior de vivendas particulares
- Rúas, espazos ou edificios públicos para asociación ou agrupacións de establecementos ou particulares

6.- Criterios de valoración.

O requisito imprescindible é que os adornos das fachadas teñan iluminación, ademais valorarase a creatividade, orixinalidade e vistosidade.

Para a valoración cada membro de xurado puntuará

Iluminación: puntuará un 40% do total.

Vistosidade: puntuará un 40% do total.

Creatividade: puntuará un 10% do total.

Orixinalidade: puntuará un 10% do total.

Para a valoración, cada membro do xurado puntuará de 1 (menor puntuación) a 10 (máxima puntuación), sendo o resultado a suma das puntuacións de cada membro do xurado e polo tanto por cento dos puntos indicados. En caso de empate, realizarase unha segunda votación entre as persoas participantes coa mesma puntuación.

7.- Premios.

Os premios serán os seguintes:

Escaparates de establecementos

1º premio de 300 €, 2º premio de 150 €, 3º premio de 50 €

Exterior de establecementos

1º premio de 400 €, 2º premio de 200 €, 3º premio de 100 €

Exterior de vivendas particulares

1º premio de 300 €, 2º premio de 150 €, 3º premio de 75 €

Rúas, espazos ou edificios públicos para asociacións ou agrupacións de establecementos ou particulares:

1º premio de 500 €, 2º premio de 300 € e 3º premio de 150 €

8.- Imputación orzamentaria.

As subvencións outorgadas serán financiadas con cargo as partidas do Estado de gastos do Orzamento Municipal, 338.47900 e 338.48001 sen que o seu importe total poida exceder de 1.050,00 euros e 1.475,00 euros respectivamente.

9.- Xurado

O xurado de selección estará composto por 4 persoas e 4 suplentes, nomeados pola Alcaldía. O tribunal non poderá actuar sen estar presente o presidente ou persoa na que delegue, o secretario, que intervirá con voz e sen voto, e polo menos, tres de seus membros, titulares ou suplentes.

10.- Exposición e fallo.

Segundo as bases específicas do concurso, deberán cumprirse todos os requisitos establecidos.

O órgano competente para a concesión dos premios será a Alcaldía do Concello de Muros, mediante resolución ditada no prazo de 5 días computados desde o día seguinte a data de publicación na paxina web do Concello das actas asinadas por tódolos membros do xurado seguindo os criterios das bases.

O fallo darase a coñecer nun acto público, xunto coa entrega de premios, nun día, hora e lugar que se fará público nas bases específicas.

O Concello resérvase o dereito a deixar deserto algún premio por escaseza de concursantes ou de calidade dos traballos presentados ao concurso, así como a anular o concurso no caso de que o número de persoas participantes sexa inferior ao dos premios en varias categorías.

11.-Obrigas do Concello e procedemento de Pago.

O Concello de Muros obrígase a aceptar a decisión do xurado e ao pago dos premios no prazo de 30 días.

O pago farase mediante transferencia bancaria tendo en conta a retención do I.R.P:F nos premios superiores a 300€.

12.- Aceptación das bases.

A Participación no concurso supón a aceptación das presentes bases así como o fallo do xurado.

13.- Réxime xurídico.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto nas seguintes ordenacións xurídicas:

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nas bases de execución do orzamento, e demais disposición de aplicación.

ANEXO I

BOLETÍN DE INSCRICIÓN NO CONCURRO “ACENDENDO O NADAL “

Datos da persoa participante (ou da persoa representante en caso de participación colectiva) :

Nome e apelidos:

DNI, NIF:

Nº teléfono:

Correo electrónico:

Modalidade na que participa (sinala claramente a que proceda):

Escaparates de establecementos

Exterior de establecementos

Exterior de vivendas particulares

Rúas, espazos ou edificios públicos para asociación ou agrupacións de establecementos ou particulares

Datos do lugar ou inmovible co que participa no concurso:

Indique claramente os datos de localización (enderezo) da vivenda, establecemento ou lugar que vai a decorar e iluminar na participación do presente concurso:

Muros de decembro de 2019

Sinatura



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Anexo II

_____ con DNI
_____ representante da entidade _____ con CIF

AUTORIZO

Ao Concello de Muros, a comprobar de oficio, que a nosa entidade non ten débedas cos seguintes organismos:

- Axencia Tributaria Estatal
- Seguridade Social
- Axencia Tributaria de Galicia
- Concello de Muros

A factos de:

- _ Cobro de facturas
- _ Cobro de subvencións ou premios

E para que conste, a pedimento do Concello de Muros, asino esta autorización.

Muros, ____ de _____ de 2019.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán tratados de conformidade ca referida lei coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello.. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade cancelación ou oposición, nos termos da Lei Orgánica, dirixíndose a este Concello.

Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./ D^a., con DN I nº, en calidad de (cargo / representante legal) da entidade, con CIF,

DECLARO que a entidade

- a) Non recibiu condena mediante sentenza firme á pena da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, nin ser declarada insolvente en calquera procedemento, nin atoparse declarado en concurso, nin estar suxeiro a intervención xudicial ou ter sido inhabilitada conforme a Ley Concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.
- c) Non deu lugar a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Non incorre en ningún dos supostos que contempla a normativa vixente en materia de incompatibilidades dos membros do Gobreño da Nación e altos cargos da Administración Xeral do estado, do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou se identifica con algúns dos cargos electivos regulados na normativa do réxime electoral xeral.
- e) Encontrase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, impostas polas disposicións vixentes, en relación co Estado ou fronte a Seguridade Social.
- f) Non posue residencia en territorio calificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non sufriu sanción mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a normativa xeral en materia tributaria ou de subvencións.

h) Que a entidade ten concedidas as seguintes subvencións para a mesma finalidade tanto de Administracións Públicas como de empresas Privadas polos seguintes importes:

| Entidade Pública ou Privada concedente | Importe Concedido e data de concesión |
|--|---------------------------------------|
| Non hai axudas para este fin | |
| | |
| | |

i) Que para os efectos do disposto no artigos 21 e 25 do RD 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, declara baixo a súa responsabilidade que a mencionada entidade atópase ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

E para que conste asino a presente declaración.

Asdo.: